INVESTIGAMOS Voz Natura

RECICLAMOS

4 ANOS A

O noso contorno e a relación con el é algo que os nenos e nenas de Educación Infantil traballamos a diario. O medio ambiente é todo aquilo que nos rodea e é moi importante coidalo para que poidamos seguir vivindo.
Valores como o respecto á natureza, aos seres vivos, o coidado e limpeza do noso medio máis próximo, son fundamentais no noso desenvolvemento e é por iso que decidimos adentrarnos e coñecer un pouco sobre o mundo da reciclaxe.

Podemos facer moitas cousas para manter limpo e conservar o noso contorno, como non talar árbores, coidar as plantas, os animais e tamén como non, reciclar e…, que é reciclar? pois reciclar é protexer o medio ambiente, por exemplo reutilizando os materiais antes de refugalos.
Con estas actividades pasámolo moi ben, gústannos moito porque se poden facer creacións coas que entreternos, útiles de traballo, adornos, e ata xoguetes!, e todo iso con materiais de refugallo que todos podemos atopar nas nosas casas, no campo,…e así tomamos conciencia de que algo destinado ao lixo pode ser perfectamente reutilizado, transformándoo e dándolle un uso diferente a eses materiais que adoitamos refugar (caixas, envases, papel de xornal, plásticos…).
Saber reciclar todos os residuos, respectar o medio ambiente e coñecer que podemos facer para preservar a natureza, son algunhas das grandes cousas que debemos aprender; se, desde pequenos, afacémonos ao coidado e ao hábito de separar os materiais (cristais, cartóns, plástico, etc.), tamén compartiremos o mesmo comportamento de maiores. Deste xeito creceremos coa mentalidade de que é necesario loitar e facer cada ún a súa parte para salvar e conservar o noso planeta.
A reciclaxe, no ámbito mundial, camiña aínda a pasos moi lentos.
En España, por exemplo, só se recicla o 11 por cento dos residuos. Segundo a FIDA, a Fundación para a Investigación e o Desenvolvemento Ambiental, a reciclaxe é unha materia pendente no noso país. En lugares como Holanda e Francia, xa se recicla de un 30 a un 50 por cento. Para a FIDA é fundamental que as novas xeracións crezan respectando o medioambiente.

Como explicar a reciclaxe aos nenos/as?

Pódese empezar ensinándolles como seleccionar o lixo e onde debemos depositalo. Os residuos poden ser separados en 5 grupos: o de papel, vidro, plástico, restos de comida, e outros máis orientados ao aceite, os xoguetes, as pilas, etc. Existen cinco tipos de colectores onde debemos verter o lixo:
1. Colector azul: destinado para o papel e cartón.
2. Colector verde: destinado para o vidro, cristal.
3. Colector amarelo: para os envases de plástico e brik, aparte do metal.
4. Colector gris: para os restos de comida, é dicir, para a materia orgánica e tamén para outro tipo de restos como as plantas, a terra, as cinzas, as cabichas, etc.
5. Colectores complementarios: para tirar restos de aceite, xoguetes rotos e pilas.

Por que temos que reciclar?
É necesario explicar paso a paso aos nenos por que temos que reciclar. Os nenos necesitan saber o por que das cousas para poder facelo. É necesario facerlles entender que a reciclaxe existe para evitar a destrución do o noso medioambiente.
Exemplos
1. Papel. Para fabricar unha tonelada de papel é necesario utilizar entre 10 e 15 árbores, 7800 quilovatios / hora de enerxía eléctrica e unha gran cantidade de auga. Ao reciclar o papel, reducirase o corte das árbores, aforrarase enerxía eléctrica e auga. Ademais, estarás protexendo a animais como os insectos e os paxaros, que dependen moito das árbores para vivir.
2. Vidro. O vidro é reciclable porque está feito de area, carbonato de cal, carbonato de sodio, materiais que requiren moita enerxía para a súa fabricación. Para fundir vidro refugado requírese menos temperatura que para fabricalo con materia prima virxe.
3. Aluminio. Pódese atopar aluminio nun mineral chamado Bauxita. Para extraelo e procesalo se require unha importante cantidade de enerxía eléctrica mentras que se obtén aluminio reciclándoo, aforraríase case un 95% da enerxía.
Que podemos facer?
Podemos seguir a regra das catro erres: reducir, reutilizar, reciclar e recuperar. Reducir a cantidade de lixo, reutilizar envases e bolsas, reciclar materiais como o plástico, e recuperar materiais para volver utilizalos.
A boa saúde da Terra depende moito das nosas actitudes fronte ao medio ambiente.